



Parte da proba de acceso substitutiva do bacharelato para ensinanzas artísticas/deportivas

Materia: Lingua Galega e Literatura

Grao	SUPERIOR	Data	30/05/2023	DNI/NIF	
Alumno/a					
Cualificación					

INSTRUCCIÓN

Formato

A proba consta de dúas partes, cun total de trece preguntas, distribuídas da seguinte maneira:

- Primeira parte. Consta de doce preguntas con tres posibles respostas das que só unha é correcta. Organízanse en tres bloques: bloque A, composto por tres preguntas relacionadas coa lectura comprensiva dun texto; bloque B, composto por catro preguntas referidas a coñecementos lingüísticos; e bloque C, composto por cinco preguntas, das cales tres están referidas a aspectos literarios e dúas ao grupo de contidos curriculares de "Lingua e sociedade".
- Segunda parte. Consta dunha única cuestión que require a elaboración dun texto escrito por parte das persoas candidatas.

Puntuación

Total: 10 puntos.

Puntuación. Valorarase con 0,5 puntos cada resposta correcta da primeira parte da proba, até un máximo de 6 puntos. Non haberá penalización en caso de erro. A pregunta de produción textual da segunda parte estará valorada cun máximo de 4 puntos.

Duración

O tempo estimado para responder: 60 minutos (1 hora).

Procedemento

As respostas ás cuestións tipo test indicaranse debidamente na táboa final de solucións.

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Só se poderá utilizar bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.

Parte 1

Texto

A valoración das linguas segundo o número de falantes é irrelevante, xa que a cantidade de falantes non ten nada que ver coas características das linguas, nin as favorece nin as empeora. A situación actual, con linguas con moitos falantes e outras con moi poucos, débese a factores políticos e económicos, non lingüísticos. Con todo, para aqueles que aducen que ao pasar Pedrafita o galego non serve para nada, cómpre facerlles ver que sabendo galego o acceso ao portugués non supón ningún esforzo e esa lingua (que en boa medida tamén é nosa) xa nos outorga eses millóns de falantes que os amantes das cantidades parecen necesitar.

Á xente adóitalle sorprender que o galego ocupe o número cento trinta e seis na clasificación das cinco mil linguas do mundo, por diante doutros idiomas estatais europeos como o lituano, o letón, o esloveno, o macedonio, o estonio, o maltés, o islandés ou o luxemburgués. O galego está entre as cento dezoito linguas que posúen interface en Google, ou que se atopa entre o medio cento escaso de linguas nas que un pode obter o sistema operativo Windows, ou que en canto ao número de libros traducidos a unha lingua, o galego está no posto corenta e oito, xusto por riba do chinés, ou que ocupa o número trinta e sete en canto ao número de páxinas web dispoñibles.

Manuel Núñez Singala, *En galego, por que non?*

Indique a resposta correcta

A/ Comprensión escrita

1. Cal é a tese que defende o autor do texto?
 - a) Que o número de falantes dunha lingua é só un dos aspectos que a fai importante.
 - b) Que o número de falantes dunha lingua non favorece nin empeora a súa valoración. Hai outros aspectos que se deben ter en consideración, como a súa proximidade con outras linguas, a posibilidade de acceder a diferentes recursos nesa lingua etc.
 - c) Defende a normativa reintegracionista do galego.
2. Cal é a intención comunicativa predominante do texto?
 - a) Informar sobre un tema de actualidade, achegando exemplos prácticos para conseguir unha exposición clara e ben argumentada.
 - b) Expresar unha opinión persoal de maneira argumentada sobre un determinado tema, intentando persuadir o lector para que asuma esa opinión como correcta.
 - c) Demostrar, mediante unha estratexia rigorosamente obxectiva (baseándose, neste caso, na percepción que os medios de comunicación fan das linguas) e empregando un criterio dedutivo, que a realidade está sendo manipulada.
3. Como considera o autor do texto que é a situación da lingua galega con respecto á situación do resto das linguas do mundo?
 - a) Que o galego non está na peor das situacións posibles.
 - b) Que houbo nos últimos tempos un retroceso importante na presenza social da lingua galega, así como non é doado o acceso a recursos tecnolóxicos na nosa lingua.
 - c) Que o galego debe aproximarse ao portugués para garantir a súa supervivencia.

B/ Aspectos lingüísticos

4. Cal é a forma estándar correspondente á 3ª persoa de singular do pretérito perfecto dos seguintes verbos do texto: *ver* e *traducir*?
 - a) *Viu* e *traduxo*.
 - b) *Ve* e *traduciu*.
 - c) *Viu* e *traduciu*.
5. Cal é a forma empregada na fala espontánea do galego do bloque oriental das palabras *millóns* e *canto*, presentes no texto?
 - a) *Millós* e *canto*.
 - b) *Millois* e *canto*.
 - c) *Millois* e *cuanto*.
6. Cal é o procedemento de formación de palabras que se observa no termo *irrelevante*?
 - a) Derivación.
 - b) Composición.
 - c) Parasíntese.

7. Escolla a serie correcta dos marcadores discursivos que poderían substituír á forma *Con todo* no texto?
- a) Así a todo, no entanto, non obstante.
 - b) Así e todo, ademais, emporiso.
 - c) Secasí, non obstante, en conclusión.

C/ Coñecementos literarios e contidos de "Lingua e sociedade"

8. Marque a opción que ofrezca características correspondentes ás cantigas de amor da literatura trobadoresca?
- a) Algunhas das principais temáticas son a louvanza da dama, a reserva da dama e a coita de amor.
 - b) Son cantigas que poden estar dedicadas á nai, á filla ou á irmá.
 - c) Empregan habitualmente esquemas paralelísticos, como o leixaprén, e clasifícanse en catro subxéneros principais: bailadas, mariñas ou barcarolas, cantigas de romaría e alboradas.
9. Cales son as características estruturais e/ou temáticas de *Follas novas* de Rosalía de Castro?
- a) Está constituído por trinta e cinco poemas cun prólogo e un epílogo que lle dan un carácter circular; constitúe en gran medida unha glosa de cantares populares.
 - b) Divídese en cinco seccións, "Vaguedás", "Do íntimo", "Varia", "Da terra" e "As viúvas dos vivos e as viúvas dos mortos" nas que se alternan unha poesía subxectiva, lírica, existencial e outra obxectiva ou social, conectada tematicamente coa de *Cantares Gallegos*.
 - c) Está constituído por trinta e cinco poemas cun prólogo e un epílogo que lle dan un carácter circular; constitúe en gran medida unha primeira aproximación á poesía simbolista e existencialista da primeira metade do século XX.
10. Indique cal é a obra que responde ás seguintes características: narra, cunha certa visión nostálgica, a decadencia de dúas familias nobres do século XIX, que simbolizan o traspaso de poder da fidalguía rural á nacente burguesía urbana, e, con iso, a desaparición da sociedade rural tradicional galega, dominada polos fidalgos e o clero.
- a) *O porco de pé*, de V. Risco.
 - b) *Os camiños da vida*, de R. Otero Pedrayo.
 - c) *Memorias dun neno labrego*, de X. Neira Vilas.
11. En cal das seguintes opcións se explica correctamente o concepto de *lingua minorizada*?
- a) Son aquelas linguas que adoitan ter un número pequeno de falantes pero que gozan de oficialidade no seu territorio, polo que son empregadas pola cidadanía en pé de igualdade coa lingua que posúe un maior número de falantes.
 - b) Son aquelas linguas que adoitan ter un número importante de falantes, pero que padecen restricións en determinados usos, e polo tanto, non se desenvolven con normalidade no seu territorio, sufrindo así unha situación de inferioridade e facendo un uso diglósico dela.
 - c) Son aquelas linguas que teñen un número importante de falantes e que están presentes en todos os ámbitos sociais, aínda que os prexuízos existentes sobre elas impiden que a cidadanía as empregue con normalidade no seu territorio.

12. En cal das seguintes opcións se explica correctamente o proceso de normativización lingüística do galego?
- a) Proceso que leva á consecución dunha variedade estándar unificada común, asentada na fala, pero depurada de castelanismos, supradialectal, enraizada na tradición e coherente e harmónica coas linguas emparentadas co galego.
 - b) Proceso de recuperación por parte do galego de funcións e ámbitos de uso cultos perdidos en beneficio do castelán nun momento determinado da súa historia, así como do seu prestixio entre os falantes da súa comunidade lingüística.
 - c) Proceso concluído a finais da década dos oitenta do século pasado que tiña por obxectivo prioritario conseguir para o galego os mesmos dereitos legais que o castelán, principalmente a súa consideración de lingua cooficial e o seu emprego como lingua vehicular no ensino.

Parte 2

Producción textual

Comente as opinións expostas por Manuel Núñez Singala, redactando un texto ben elaborado no que se expoñan, ademais, de maneira crítica, as principais razóns para defender a diversidade lingüística. (Extensión: 100-120 palabras)

A resposta é libre. Resultaría conveniente que a argumentación xirase arredor do tema central do texto: a defensa da diversidade lingüística e a existencia de prexuízos sobre as linguas. Trátase de demostrar que se ten unha sensibilidade cara aos dereitos lingüísticos das persoas e dos territorios, que a defensa dunha lingua vai ligada á defensa dunha cultura, duns costumes... en definitiva, dun xeito de ver a vida e dunha fonte inesgotable de sabedoría e coñecementos. Valorarase o emprego de terminoloxía específica sobre o tema: plurilingüismo, linguas minorizadas, linguas internacionais etc.

Desde o punto de vista da expresión, valorarase a produción dun discurso correcto, claro, coherente, ben cohesionado e adecuado a un rexistro de lingua formal. Considerarase daquela positivamente a boa estruturación dos contidos, a intelixibilidade e adecuada progresión da argumentación, o manexo dos recursos de cohesión e a correcta selección do vocabulario; e penalizaranse os erros de lingua e o emprego de expresións coloquiais ou propias da oralidade.

Lingua Galega e Literatura

Táboa de respostas do test

TÁBOA DE RESPOSTAS			
Nº	A	B	C
1		X	
2		X	
3	X		
4			X
5			X
6	X		
7	X		
8	X		
9		X	
10		X	
11		X	
12	X		

Preguntas tipo test	/ 6
Produción textual	/ 4
Total	/10